

COMUNICACIONES E SISTEMAS MULTIMEDIA

PROBA PRÁCTICA

Vostede é o webmaster da tenda de mascotas "Animalario". O dono da tenda decide que vai enviar un mailing a tódolos seus clientes informándoos da nova tenda online. Para iso se levou a cabo unha campaña de recollida de nomes e correos electrónicos, e tódolos correos obtidos se atopan nun ficheiro <http://www.alonsoruibal.com/emails.txt> que en cada liña ten o nome e o email de cada cliente separados por unha coma.

O email que o dono quere enviar é o seguinte:

Asunto: Nova Tenda Online de Animalario

Estimado <NOME>:

Comunicámoslle a apertura da nosa tenda online no enderezo de internet:

<http://www.animalariomascotas.com>

dende o cal poderá consultar o noso catálogo e realizar pedidos.

Atentamente:

Fernando Quintán
Director de Animalario

A cadea <NOME> terá que ser substituída polo nome do destinatario do correo.

A orixe do correo deberá ser:

fernando.quintan@animalariomascotas.com

Vostede, como programador PHP implementará a solución nun único arquivo *mailing.php* que realizará todo o proceso.

Se valorará :

- Simplicidade e reutilizabilidade da solución
- Que no propio fichero *mailing.php* se descargue o emails.txt do enderezo indicado

Para implementala pode consultar tódalas prácticas realizadas previamente, así coma tódalas webs de referencia e apuntes que considere necesario.

Non obstante, prohíbese terminantemente a comunicación entre alumnos de calqueira forma telemática ou non.

O rematar, envíe por correo electrónico o arquivo *mailing.php* ó enderezo alberto@alonsoruibal.com, indicando no asunto PROBA AULAESTUDIO e o seu nome.